



Anuncio

O concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, e Recursos Humanos, mediante delegación conferida por Resolución do Sr. Alcalde de data 30/04/2013 (BOP 16/05/2013), aprobou as bases específicas que rexerán a convocatoria dunha praza de Traballador/a-Asistente Social que figura na Oferta de Emprego Público do ano 2011 (30/12/2011), e que son as seguintes:

“BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, EN PROPIEDAD, QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A - ASISTENTE SOCIAL (OEP 2011)

Primeira.-Número, denominación e características.

Unha praza de traballador/a / asistente social, encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala Técnicos Medios, clasificadas no grupo "A2".

Segunda.-Sistema de provisión.

Oposición en quenda libre.

Terceira.-Requisitos dos aspirantes.

Para participar nas probas selectivas cómpre:

- Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Unión europea nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*
- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán facelo constar na instancia, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas.*
- Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo en calquera Administración pública do Estado, comunidade autónoma ou entidade local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.*
- Estar en posesión do título de Diplomatura en Traballo Social ou Asistencia Social.*

Cuarta.-Presentación de instancias.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As persoas que desexen participar nas probas selectivas presentarán unha solicitude dirixida ó señor alcalde-presidente deste Concello, na que farán constar que reúnen todos os requisitos sinalados na base segunda anterior e os que sinalen as bases específicas de cada praza que se convoque. Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial del Estado.

As solicitudes poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Coa solicitude achegarán:

-Fotocopia do DNI.

-Xustificante do ingreso na Tesourería municipal da contía dos dereitos de exame que para cada proba selectiva se sinalen, ou ben, xustificante do xiro postal ou telegráfico do seu pagamento, ou no seu caso certificado do INEM, de estar en situación de desemprego, aos efectos de exoneración desta taxa.

As persoas con discapacidade deben indicalo na instancia, na que deben declarar de forma expresa que reúnen as condicións esixidas para o acceso ás prazas, condicións que se acreditarán no caso de obter praza mediante certificación dos órganos competentes. Na instancia tamén poden solicitar as adaptacións de tempo e medios que necesiten para a realización da probas.

Quinta.-Dereitos de exame.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade que estableza para cada grupo de titulación a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola solicitude de participación en probas de selección do persoal vixente en cada momento, quedando exonerados do seu aboamento aqueles aspirantes que acrediten, mediante certificado do INEM, estar en situación de desemprego.

Sexta.-Tribunal cualificador.



O tribunal cualificador está constituído da seguinte forma:

Presidente: *Un/unha funcionario/a do Concello de Ferrol.*

Secretario: *O secretario do Concello.*

Vocais: *Tres funcionarios/as do Concello e un funcionario doutra administración.*

O/a secretario/a do tribunal cualificador terá dereito a voz pero non a voto.

En todo caso a constitución do tribunal cualificador deberá respectar o establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 28 da LRXAP e PAC ou se realizaron tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Asemade, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación a súas sesións de persoas con labores de asesoramento para as probas que estimen pertinentes, limitándose estes/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidade técnicas.

Os/as vocais deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada (R.D. 896/91 de 7 de xuño, art. 4 e).

O tribunal velará por manter o anonimato dos aspirantes sempre que sexa posible.

Sétima.-Probas selectivas.

Constará de catro exercicios de carácter obrigatorio.

Primeiro exercicio. *De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes: Consistirá en contestar a unha batería de 50 preguntas curtas nun tempo máximo de dúas horas sobre o temario da parte xeral que figura como anexo a estas bases. As preguntas serán determinadas polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse o exercicio. Valorarase de 0 a 10 puntos sendo preciso acadar un 5 para superalo.*

Segundo exercicio. *De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio: Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de dúas horas, a dous temas extraídos ao chou entre os comprendidos no programa anexo á convocatoria, da parte específica. Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos. Valorarase de 0 a 10 puntos sendo preciso acadar un 5 para superalo.*

Terceiro exercicio. *Así mesmo obrigatorio e eliminatorio.*

Desenvolverase por escrito, durante un período máximo de tres horas, e consistirá na redacción dun informe, con proposta de actuación, sobre dous supostos prácticos que proporá o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativos a tarefas propias das funcións asignadas á subescala.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos libros de consulta dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Neste exercicio avaliarase fundamentalmente a capacidade de raciocinio, a sistemática na presentación e formulación de conclusións así como a adecuación da proposta de actuación. Valorarase de 0 a 10 puntos sendo preciso acadar un 5 para superalo.

Cuarto exercicio. *De carácter obrigatorio e eliminatorio. Constará de dúas partes: na primeira os/as aspirantes deberán redactar en galego durante un tempo máximo de corenta e cinco minutos un documento propio das funcións da praza que se convoca; valoraranse os aspectos lingüísticos e adaptación aos criterios de modernización de linguaxe administrativa. Na segunda parte, de carácter oral, consistirá en manter unha charla en galego cunha duración máxima de dez minutos cos membros do Tribunal, na que se falará do documento obxecto da primeira parte deste exercicio e só se valorarán os aspectos citados, admitíndose as variantes dialectais. Para o obxecto de garantir a posibilidade de revisión da proba oral, gravarase en cinta magnética sempre que o/a aspirante non renuncie expresamente a este dereito. Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO/A". Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.*

Oitava.- Reclamacións e recursos.



A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e no xeito establecidos pola Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime xurídico e das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO

PARTE XERAL

Tema 1. A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.

Tema 2. O Estatuto de autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

Tema 3. Principios de actuación da Administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

Tema 4. Organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Organización central. Organismos públicos, organismos autónomos. Entidades públicas empresariais.

Tema 5. As institucións da Unión Europea. Órganos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros. A Comisión. O Parlamento Europeo: composición e atribucións. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Tema 6. A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.

Tema 7. O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.

Tema 8. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

Tema 9. Organización municipal. Competencias.

Tema 10. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario. II Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Ferrol. Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Ferrol.

Tema 11. O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.

Tema 12. Os orzamentos das entidades locais. O réxime xurídico do gasto das entidades locais.

PARTE ESPECÍFICA:

Tema 1. Os dereitos sociais. Orixes e evolución. O estado social e democrático de dereito. Da beneficiencia á asistencia social. Da asistencia social aos servizos sociais.

Tema 2. Políticas sociais da Comunidade Europea.

Tema 3. Os servizos sociais na Constitución española de 1978. Marco para o desenvolvemento do sistema público de servizos sociais.

Tema 4. O sistema público de servizos sociais galego. Configuración. Áreas de actuación. Lexislación.

Tema 5. As corporacións locais. Atribución de competencias aos concellos en materia de servizos sociais. As prestacións básicas en materia de servizos sociais nas administracións locais.

Tema 6. As necesidades sociais. Criterios e tipoloxías. Teorías acerca da necesidade.

Tema 7. O departamento de Servizos Sociais do Concello de Ferrol. Estrutura e organización.

Tema 8. Os recursos sociais. Concepto. Diferentes formulacións no seu aproveitamento e abordaxe.

Tema 9. A lei galega de medidas básicas de inserción social. A súa aplicación no Concello de Ferrol.

Tema 10. As políticas de inserción. A inserción nos salarios sociais.

Tema 11. O plan de inclusión social de Galicia. A súa aplicación nas administracións locais.

Tema 12. O voluntariado social. Características. Programas de voluntariado. Singularidades.

Tema 13. A iniciativa privada nos servizos sociais.

Tema 14. Cooperación e solidariedade. Programas de animación, prevención e cooperación social.

Tema 15. O control social. Crítica do concepto de normalidade.

Tema 16. A inadaptación social. Concepto. Causas endóxenas e exóxenas. Os procesos de inadaptación social.

Tema 17. Os modelos psico-sociolóxicos da marxinação e a desviación social. Teorías sobre a marxinação. Diferentes enfoques.

Tema 18. A demanda en servizos sociais. Singularidades.

Tema 19. Urbanismo e vivenda. A vivenda e o seu abordaxe desde o traballo social.

Tema 20. A importancia da participación cidadá nos servizos sociais. Singularidades.

Tema 21. As problemáticas sociais do desemprego. Repercusións sociais. Consecuencias nos servizos



sociais municipais.

Tema 22. A pobreza. Concepto. O feito social da pobreza.

Tema 23. A coordinación dos servizos sociais e os servizos sanitarios. O reto sociosanitario.

Tema 24. O traballo interdisciplinar. Características.

Tema 25. A supervisión en servizos sociais.

Tema 26. O informe social. Aspectos e tipoloxía. A peritaxe.

Tema 27. A xestión de calidade. A súa aplicación nos servizos sociais.

Tema 28. A avaliación dos programas e prestacións nos servizos sociais. A problemática dos indicadores nos servizos sociais.

Tema 29. As familias multiproblématicas e en desvantaxe social. Programas dirixidos a estas familias.

Tema 30. Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia. Estrutura e contido

Tema 31. Equipas do menor. Características. Metodoloxía de intervención. Marco legal.

Tema 32. A problemática do menor maltratado, detección e actuacións.

Tema 33. A atención social ás mulleres. Singularidade dos programas nos concellos. Marco legal. Recursos e actuacións.

Tema 34. Os plans de igualdade e as actuacións nos concellos.

Tema 35. Os plans integrais contra a violencia de xénero. Plan integral do Concello de Ferrol e dispositivos de actuación.

Tema 36. A prostitución. Características sociolóxicas. A intervención social. Evolución histórica.

Tema 37. A atención social ás persoas maiores. A súa aplicación nos concellos. Marco legal. Recursos e actuacións.

Tema 38. O servizo municipal de axuda a domicilio no Concello de Ferrol. Obxectivos e funcións.

Tema 39. O programa de teleasistencia domiciliar e a visita a domicilio. Obxectivos e funcións.

Tema 40. A atención social na área legal das discapacidades. Marco . Recursos e actuacións.

Tema 41. A diversidade funcional. Concepto. Liñas de actuación.

Tema 42. O traballo social comunitario. Concepto. A intervención social territorial. Estratexias. Metodoloxía.

Tema 43. Actuacións do servizo municipal de drogodependencias.

Tema 44. A actuación social coas minorías étnicas. Singularidades.

Tema 45. A actuación social na área da marxinación social e a exclusión. Singularidades.

Tema 46. A actuación social na área dos emigrantes e inmigrantes. Singularidades.

Tema 47. O estado de benestar. Crise. Efecto mateo.

Tema 48. Os servizos sociais cara a unha sociedade máis xusta e solidaria. Sistema público de servizos sociais. Características do estado de benestar español.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol,
O alcalde

José Manuel Rey Varela